

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación e información: Concello de Vilagarcía de Arousa, praza Ravella, 1. 36600 Vilagarcía de Arousa. Teléfono: 986 09 92 00. Fax: 986 50 11 09. Páxina web: <http://www.vilagarcia.es>. Poderán obter documentos e información ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: acreditarase polos medios indicados no anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de ofertas: no prazo de 15 días naturais seguintes á publicación do derradeiro anuncio de licitación no DOG ou BOP, agás que o último día fose sábado ou inhábil, caso en que se prorrogará o prazo ao primeiro día hábil seguinte. Lugar: Concello de Vilagarcía de Arousa. Rexistro de licitacións (Secretaría). Praza Ravella, 1. 36600 Vilagarcía de Arousa. Documentación: a existida na cláusula XII do prego de cláusulas administrativas particulares.

Prazo durante o que o licitador está obrigado a manter a súa oferta: 2 meses contados desde a data de apertura das proposicións.

Admisibilidade de variantes ou melloras: si. Elementos susceptibles de variante ou mellora e condicións en que se admiten: características técnicas dos vehículos: cilindrada dos vehículos (maior cilindrada ofertada polo licitador respecto á mínima fixada no prego de prescripcións técnicas, co límite especificado polo fabricante do vehículo; oferta polo licitador de cristais tintados nas ventás das portas traseiras e luneta traseira e oferta polo licitador de sistema de mans libres sen fíos.

Criterios específicos de adxudicación: menor prezo ofertado polo licitador, redución de prazos de entrega da subministración, proposta técnica.

9. Apertura das proposicións económicas: entidade, lugar e enderezo: Concello de Vilagarcía de Arousa, praza Ravella, 1. Data e hora: 6º día hábil seguinte (agás sábado) ao da apertura do sobre que contén a documentación xeral, o que será comunicado aos licitadores, con indicación, así mesmo, da hora.

10. Gastos dos anuncios: os gastos dos anuncios que xera a licitación do contrato serán por conta do adxudicatario ata o límite de 2.000 €, así como os demais indicados na cláusula 25 de prego.

Vilagarcía de Arousa, 10 de febreiro de 2009.

María Dolores García Giménez
Alcaldesa

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio.

De conformidade co disposto no artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004 e no 106.3º da Lei 7/1985, e cumprindo o que acordou a Corporación Provincial, na sesión do día 23 de xaneiro de 2009, faise público que a Deputación Provincial de Ourense asume a competencia delegada nela polo Concello de Viana do Bolo (xestión tributaria e recadación do imposto sobre bens inmobles, imposto sobre actividades económicas, imposto sobre vehículos de tracción mecánica, taxa pola recollida de lixo e taxa pola entrada de vehículos), nas condicións xerais establecidas e que se detallan no anuncio publicado por esta corporación no *Diario Oficial de Galicia* do día 19 de setembro de 1994.

A data de inicio de efectos desta delegación e o prazo da súa vixencia axustaranse ás normas que ten establecidas esta deputación.

Ourense, 26 de xaneiro de 2009.

José Luis Baltar Pumar
Presidente da Deputación Provincial de Ourense

e) OUTROS ANUNCIOS

CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA

Resolución do 10 de febreiro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a promoción de producións audiovisuais a través da internet.

Obxecto: convocatoria de axudas para a promoción de producións audiovisuais a través da internet.

Bases da convocatoria: poderán obterse na sede do Consorcio (r/ Hórreo 61-1º, 15702 Santiago de Compostela) ou na páxina web URL: <http://www.consortioaudiovisualdeg Galicia.org/>

Prazo de presentación de solicitudes: desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 1 de decembro de 2009.

Lugar de presentación: na sede do Consorcio Audiovisual de Galicia (r/ Hórreo 61-1º, 15702 Santiago de Compostela) ou por calquera dos medios indicados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Información: Consorcio Audiovisual de Galicia. Teléfono: 981 54 50 98.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2009.

Ignacio Varela Ramos
Director xerente do Consorcio Audiovisual
de Galicia